



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GUÍA DOCENTE

Programación xeral da materia CREACIÓN DE EMPRESAS DEPORTIVAS

Curso académico

2006/2007

Materia		
CREACIÓN DE EMPRESAS DEPORTIVAS		
Curso	Ciclo	Profesor responsable do programa
4º	2º	FERNANDO LUIS AGULLÓ LEAL
Titulación		
LICENCIADO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE		
Centro		
INEF-GALICIA		

Curso académico	2006/2007
------------------------	-----------

DATOS DESCRIPTIVOS		
Código titulación	Titulación	
620112	LICENCIADO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE	
Plan de estudios		
Data de homologación	Data publicación BOE	Curso de implantación
	13 DE NOVIEMBRE DE 2000	2000-2001

Materia		
Código materia	Nome	
414	CREACIÓN DE EMPRESAS DEPORTIVAS	
Curso	Ciclo	Idiomas en que se imparte
4º	2º	CASTELÁN
Carácter	Duración	Convocatoria
OPTATIVA	CUATRIMESTRAL	ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Créditos materia		
Tipo	LRU	ECTS
Teóricos	4.5	
Prácticos	1.5	
Prácticas clínicas		
Totais	6	5.5

Departamento	
Código	Nome
106	ECONOMÍA APLICADA 1

Área	
Código	Nome
225	ECONOMÍA APLICADA

Centro / Facultade / Escola			
Código	Nome		
620	INEF-GALICIA		
Campus	Rúa	Nº	Código postal
OZA -BASTIAGUEIRO	AVENIDA CHE GUEVARA	121	15179
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
981-167000	981-167048	inef@udc.es	

Descritores da materia

A idea da empresa e a súa materialización. O entorno económico da empresa. Aspectos legais e trámites para a súa posta en marcha e funcionamento. Meios, mercadotecnia e estratexia empresarial. Elaboración do plan de empresa de servizos deportivos.

Profesorado e titorías

Profesor/a 1			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
FERNANDO L. AGULLÓ LEAL	185	4014	agullo@udc.es
Titorías			
1º Cuadrimeste		2º Cuadrimeste	
Días semana	Hora	Días semana	Hora
Lunes e xoves	9,00-11,00	Mércores	10,00- 11,00
Mércores	10,00-11,00		

Profesor/a 2			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
Titorías			

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

PROGRAMA XERAL DA MATERIA

Prerrequisitos

NINGÚN

Contexto

A asignatura de Creación de Empresas Deportivas intégrase no plan de estudos da titulación de licenciado en Ciencias da Educación Física no 2º ciclo e con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: diplomado, licenciado ou doutor.

Habéndose pechado notablemente unha das súas súas profesionais dos licenciados en Educación Física, respecto do que noutras épocas sucedeu, como era o Ensino, unha das alternativas laborais dos nosos alumnos atópase na xestión do deporte. Nunha sociedade na que as formas de organización económica revisten formas cada vez máis complexas, é necesario para quenes se dediquen á xestión de empresas e, xa que logo tamén a xestión do deporte e das empresas deportivas, o estudo da economía e da empresa, non só como instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza na economía, a súa distribución, o paro, ou a función da empresa no momento presente, etc.

Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, a fin de acadar a Unión Social como paso seguinte a Unión Monetaria, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpóranse ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os futuros licenciados. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan curiosidade polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral, espetar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.

A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.

A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:

1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Educación Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego das mozas licenciados.
2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

Obxectivos

O sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos é un sistema centrado no estudante, que se basea na carga de traballo do mesmo, necesaria para a consecución de obxectivos do programa. Estes obxectivos especificanse preferiblemente en termos dos **resultados da aprendizaxe** e das competencias que se pretenden acadar.

Na presente guía, os nosos contados respostan ao perfil da materia que ten en conta o contexto académico particular (Novo Plan de Estudos), social e cultural, e tamén se tivo en conta a proposta para o deseño do título de Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte do grupo de traballo da ANECA por parecernos unha boa guía para a adaptación dos nosos estudos á convergencia europea. É por elo que para nos, os obxectivos aquí expostos, teñen unha dobre significación: son entendidos como *a competencia terminal que esperamos dos alumnos e como logros finalistas do Programa Docente*.

Como ben é sabido, e a partires dos paradigmas, a educación pode entenderse como produto pero tamén como proceso. O plantexamento de procesos enriquecedores para o alumno obedecerá a uns principios educativos que se poden considerar básicos fundamentais:

- Que o alumno chegue a un mellor coñecemento de sí mesmo, das súas posibilidades e imitacións.

- Ao alumno se lle debe considerar como suxeito activo, obrigándolle a empreñar as súas propias capacidades de percepción, cognición e execución para acadalo resultado esperado.
- Conceder ao alumno o grao de responsabilidade e independencia para a toma de decisións adecuado ás súas posibilidades.

OBXECTIVOS XERÁIS:

Estes obxectivos expresan competencias ou saberes en termos amplos e van servir para marca-la a dirección de traballo. Os obxectivos xerais representan aquelas competencias que o alumno debe chegar a obter fruto da súa experiencia persoal unha vez rematado o traballo requerido e realizado unha avaliación axeitada dos resultados da aprendizaxe.

- Coñecemento das habilidades necesarias para poñer en marcha a súa pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo.
- Utiliza-la análise funcional no deseño de intervencións pedagóxicas e/ou investigadoras no eido da xestión deportiva.
- Preparación do futuro licenciado en CC. da A.F. e do Deporte para o desenvolvemento das funcións e roles como xestor deportivo ou xerente dunha empresa de servizos deportivos.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS DA ASIGNATURA:

- Dotar ao alumno dunha formación adaptada á situación actual para converterse en emprendedor .
- Dotar ao alumno dunha formación adaptada á situación actual da formación e desenvolvemento do xestor deportivo ou xerente de empresa de servizos deportivos.
- Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa de servizos deportivos.
- Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial.
- Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial.
- Desenvolver no alumno o nivel de autonomía e competencia necesario para a súa intervención profesional.
- Introducir ao alumno na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas.
- Estimula-lo interese do alumno na procura de fontes de información primarias e secundarias , así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación no manexo de documentación científica.
- Coñece-los fundamentos da xestión dunha nova empresa de servizos deportivos.
- Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa de servizos deportivos.
- Dotar ao alumno dunha formación adaptada á situación actual da formación e desenvolvemento do xestor deportivo ou xerente de empresa de servizos deportivos.
- Definir obxectivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa de servizos deportivos .
- Adquirir competencia e autonomía no deseño e desenvolvemento dun plan de empresa e no emprego de ferramentas da xestión deportiva.
- Coñecer e comprender a importancia de atopar unha idea innovadora e dar coas claves do éxito.
- Coñecer e adquiri-los recursos imprescindibles para analiza-loa contorna empresarial.
- Adquirir competencias que lle permitan solventar o entramado burocrático e os trámites administrativos da posta en marcha dunha nova empresa e coñece-las axudas oficiais que se poden acadar para un proxecto.
- Adquirir experiencia práctica específica que permita coñecer e resolve-los diferentes problemas que se plantexan no proceso de posta en marcha dunha empresa de servizos deportivos.

Competencias

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

COMPETENCIAS XENÉRICAS:

- Experimentar e supera-las dificultades que supón acometer un proxecto empresarial.
- Capacidade de esforzo e reflexión.
- Habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados.
- Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor cara as empresas de economía social.
- Valorar e entede-lo traballo dos compañeiros na facilitación da aprendizaxe.
- Integración do alumnos no traballo grupal.

COMPETENCIAS ESPECIFICAS:

- Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa.
- Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados.
- Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO.
- Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa de servizos deportivos.
- Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha empresa de servizos deportivos.
- Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de decisións, etc.
- Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta.
- Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar as axudas oficiais que poidera ter un proxecto de empresa de servizos deportivos.

Contidos (temario teórico e práctico)		Cronograma	
Título		Inicio (1)	Fin (1)
TEMARIO TEÓRICO-PRÁCTICO		2/10/06	21/12/06
Presentación da asignatura		2/10/06	2/10/06
BLOQUE TEMÁTICO I: A IDEA DE EMPRESA E O PLAN DE EMPRESA		9/10/06	19/10/06
Tema 1: A Idea de empresa e a súa materialización: o plan de empresa		9/10/06	19/10/06
Contidos	1.1. Introducción. 1.2. A idea da que nasce a empresa. 1.3. As vías para levar a cabo unha idea empresarial. 1.4. O plan de empresa.		
Metodoloxía	Lección maxistral. Exposición e presentación por grupos dos traballos dos alumnos. Resolución de casos prácticos Descubrimento guiado.		
Duración	8 horas teóricas		
Actividades propostas	Revisión bibliográfica Execución dun caso práctico Elaboración do plan de empresa. Revisión de documentación na UDC Virtual.		
Avaliación	Exame escrito ou exposición nas titorías. Resume revisión bibliográfica Presentación das prácticas. Traballo en grupo. Elaboración do apartado correspondente do plan de empresa		
BLOQUE TEMÁTICO II: A ANALISE DE MERCADOS		23/10/06	2/11/06

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

Tema 2: O estudo de mercado		23/10/06	2/11/06
Contidos	2.1. Concepto e oxetivos. 2.2. A empresa e a súa contorna. 2.3. A elaboración do estudo de mercado e as fontes de información. 2.4. O Análise DAFO 2.5. A demanda potencial e a previsión de vendas Anexo: O mostreo: a elección da mostra, a determinación do tamaño da mostra e o cuestionario.		
Metodoloxía	Lección maxistral. Exposición e presentación por grupos dos traballos dos alumnos. Resolución de casos prácticos Descubrimiento guiado.		
Duración	8 horas teóricas		
Actividades propostas	Revisión bibliográfica Execución dun caso práctico Elaboración do plan de empresa. Revisión de documentación na UDC Virtual.		
Avaliación	Exame escrito ou exposición nas titorías. Resume revisión bibliográfica Presentación das prácticas. Traballo en grupo. Elaboración do apartado correspondente do plan de empresa		
BLOQUE TEMÁTICO III: A MERCADOTECNIA		6/11/06	20/11/06
Tema 3: A mercadotecnia e a estratexia empresarial		6/11/06	20/11/06
Contidos	3.1. A mercadotecnia 3.2. A segmentación do mercado e o posicionamento. 3.3. A estratexia e a ventaza competitiva. 3.4. A fidelización de clientes nuha empresa de servizos deportivos.		
Metodoloxía	Lección maxistral. Exposición e presentación por grupos dos traballos dos alumnos. Resolución de casos prácticos Descubrimiento guiado.		
Duración	8 horas teóricas		
Actividades propostas	Revisión bibliográfica Execución dun caso práctico Elaboración do plan de empresa. Revisión de documentación na UDC Virtual.		
Avaliación	Exame escrito ou exposición nas titorías. Resume revisión bibliográfica Presentación das prácticas. Traballo en grupo. Elaboración do apartado correspondente do plan de empresa		
BLOQUE TEMÁTICO IV: ASPECTOS LEGAIS E AXUDAS PÚBLICAS		23/11/06	21/12/06
Tema 4: A forma xurídica, trámites e axudas para a creación de empresasmercadotecnia e a estratexia empresarial		23/11/06	21/12/06
Contidos	4.1 A forma xurídica : empresario individual e sociedadesmercadotecnia 4.2 Sociedaes colectivas 4.3 Sociedades comanditarias 4.4 Sociedades anónimas. 4.5 Sociedades de responsabilidade limitada. A SLNE. 4.6 Cooperativas 4.7 Sociedades laborais 4.8 Trámites par a posta en marcha dunha empresa. 4.9 Axudas para a creación de empresas.		
Metodoloxía	Lección maxistral. Exposición e presentación por grupos dos traballos dos alumnos. Resolución de casos prácticos Descubrimiento guiado.		
Duración	8 horas teóricas		
Actividades propostas	Revisión bibliográfica Execución dun caso práctico Elaboración do plan de empresa. Revisión de documentación na UDC Virtual.		
Avaliación	Exame escrito ou exposición nas titorías. Resume revisión bibliográfica Presentación das prácticas. Traballo en grupo. Elaboración do apartado correspondente do plan de empresa		

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

Tema 5: A fiscalidades da empresa.		23/11/06	21/12/06
Contidos	5.1. Introducción: conceptos xerais. 5.2. O imposto sobre Actividades Económicas. 5.3. O imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. 5.4. O imposto de Sociedades 5.5. O Imposto sobre o valor engadido.		
Metodoloxía	Lección maxistral. Exposición e presentación por grupos dos traballos dos alumnos. Resolución de casos prácticos Descubrimento guiado.		
Duración	8 horas teóricas		
Actividades propostas	Revisión bibliográfica Execución dun caso práctico Elaboración do plan de empresa. Revisión de documentación na UDC Virtual.		
Avaliación	Exame escrito ou exposición nas titorias. Resume revisión bibliográfica Presentación das prácticas. Traballo en grupo. Elaboración do apartado correspondente do plan de empresa		
TEMARIO TEÓRICO-PRÁCTICO		8/1/07	25/1/07
BLOQUE PRÁCTICO: A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DO PLAN DE EMPRESA DE SERVICIOS DEPORTIVOS		8/1/07	25/1/07
Tema Práctico: Elaboración e presentación do plan de empresa		8/1/07	25/1/07

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!

<p>Contidos</p>	<p>1. Introducción.</p> <p>1.1 Nome e tipo de empresa. 1.2 Presentación dos socios. 1.3 Descrición do produto ou servizo e do funcionamento da empresa. 1.4 Oportunidade do proxecto.</p> <p>2. Estudo de mercado.</p> <p>2.1 Análise da contorna socioeconómico. 2.2 Análise do sector: características e normativa legal. 2.3 Os competidores: características, orientación, resultados e rivalidad. 2.4 Puntos fortes e puntos débiles da competencia. 2.5 Análise DAFO. 2.6 Delimitación do mercado, volume e tendencias das compras. 2.7 Segmentación do mercado e mercado meta. 2.8 Estratexia e posicionamiento da empresa</p> <p>3. Plan comercial.</p> <p>3.1 Presentación do produto ou servizo: marca comercial, servizos complementarios e logotipos. 3.2 Fijación de prezos, formas e prazos de cobro. 3.3 Localización e implantación da empresa. 3.4 Plan de vendas. 3.5 Cotas de mercado esperadas e plan de medios para logralas.</p> <p>4. Plan de operacións.</p> <p>4.1 Descrición técnica. 4.2 Capacidade de produción. 4.3 Consumos estimados. 4.4 Control de calidade. 4.5 Plan de compras e investimentos. 4.6 Amortizaciónes. 4.7 Formas de financiamento.</p> <p>5. Plan de recursos humanos e de organización.</p> <p>5.1 Descrición de postos de traballo e cualificación necesaria. 5.2 Gastos de persoal e fórmulas de contratación. 5.3 Selección, integración e motivación. 5.4 Organigrama</p> <p>6. Aspectos legais.</p> <p>6.1 Selección da forma xurídica. 6.2 Composición do capital social. 6.3 Trámites de constitución. 6.4 Imposición directa e indirecta.</p> <p>7. Estudo económico-financeiro.</p> <p>7.1 Escenario 7.2 Balance inicial e previsionales. 7.3 Conta de resultados previsional. 7.4 Previsión de tesorería. 7.5 Valor Actual Neto (VAN). 7.6 Taxa Interna de Rentabilidad (TIR). 7.7 Punto morto. 7.8 Análise de ratios. 7.9 Análise de sensibilidade.</p> <p>8. Conclusións: viabilidade do proxecto.</p> <p>9. Anexos.</p>		
<p>Metodoloxía</p>	<p>Titorías individuais e grupais. Descubrimiento guiado. Traballo por grupos.</p>		

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!

Duración	12 horas practicas		
Actividades propostas	Elaboración do plan de empresa Revisión dos contidos co profesor.		
Avaliación	Elaboración e presentación do pano de empresa. Valoración do deseño, seguimento e execución do traballo. Exposición e defensa do traballo ou plan de empresa		

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

Metodoloxía

INTERVENCIÓN DIDÁCTICA: CONSIDERACIÓN XERAIS

Metodoloxía nun sentido amplo é a intervención do profesor entendida como unha postura mediadora e de axuda na aprendizaxe do alumno. Esta intervención vai ter diferentes matices que se materializan nun estilo determinado de ensinar, nunha técnica de ensinanza, nun recurso aillado de intervención e nunha estratexia de aborda-la ensinanza da práctica. Por elo o termo *intervención didáctica* engloba toda actuación do profesor coa intención de educar e ensinar. A intervención didáctica concrétase no aula ao través dunhas interaccións didácticas que se definen entres niveis:

- Interacción de tipo organización-control da actividade, que corresponde á distribución e evolución dos alumnos durante a clase.
- Interacción de tipo socio-afectivo. Relacións interpersonais o clima no aula.

Debemos entender por proceso metodolóxico o seguimento formal da asignatura e a súa adecuación aos obxectivos propostos. Durante este proceso deben de cumprirse unha serie de valores específicos que garantan o éxito de todo proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Adecuación do proceso á realidade dos alumnos.
- Relación directa teoría-práctica.
- Adecuación da práctica aos meios.
- Coherencia entre asimilación e avaliación.
- Capacidade de adaptación e revisión do programa.

A metodoloxía é o tratamento que se lle debe dar á acción educativa pretendendo que deste modo os obxectivos previstos sexan acadados. Partindo destas premisas, así como das súas bases filosóficas, da definición dos estilos específicos mais recomendables e da identificación da relación entre *ensinanza-aprendizaxe-obxectivos*, poderemos chegar á unha primeira consideración da educación física como unha teoría potencial da ensinanza que se presentará como facilitadora no proceso ao que nos referimos, e cuas principios características resúmense en:

- Identifica-la anatomía de tódolos estilos.
- Identifica-la estrutura das decisións de cada estilo.
- Traspasa-las decisións dun estilo a outro, amosando a súas interrelacións.
- Identifica-lo proceso de ensinanza-aprendizaxe-objetivos de cada estilo (Moston & Ashworth 1993).

Por todo o anteriormente exposto, neste apartado vanse por de manifesto as estratexas didácticas ou estilos de ensinanza para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe desta asignatura, en definitiva, as tarefas didácticas que un profesor universitario debe ter en conta có obxeto de acadar unha formación profesional dos estudantes, acorde cós servizos que demanda a sociedade.

ESTRATEXIAS DE ENSINO

O compoñente da carga docente, según o plan de estudos, é de carácter teórico-práctico, polo que o desenvolvemento das sesións terá, como é lóxico, un compoñente teórico, práctico, e incluso teórico-práctico, xa que ao longo das sesións prácticas séntanse as bases teóricas dos contidos que se aplican en cada unha delas.

Estas sesións realizaranse ao través da *lección maxistral*, a *ensinanza en grupos reducidos*, *técnicas de traballo autónomo*, os *traballos individuais*, a *análise de documentos*, *titorías* e *actividades complementarias*.

a) *A lección maxistral*

É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.

A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos máis importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.

A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:

- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.
- Análise dos aspectos principais que integran o tema.
- Síntese integradora do exposto.
- Fixación breve e sinóptica do tema.

Nos temas prácticos é empregada principalmente cando ao inicio os contidos requiren dunha presentación global. En émbolos dous casos, o seu obxectivo é presentar e desenvolve-los contidos con rigor científico e claridade expositiva. A eficacia da exposición depende, nun alto grao, do *estilo* do profesor e do correcto emprego dos distintos recursos instrumentais.

b) *Ensinanza de grupos reducidos.*

É a subdivisión do grupo inicial en pequenos grupos ata o traballo individual ou por parellas, para aqueles contidos que requiren un nivel de ensinanza-aprendizaxe máis activo e/ou participativo por parte do alumno. Este tipo de ensinanza soe xerar unha mellor interacción profesor-alumno e alumno-alumno, maior participación dos alumnos nos temas tratados, o que conleva unha maior actividade docente e discente.

A ensinanza neste tipo de sesións é avaliada polos estudantes de xeito moi positivo, xa que nelas dase maior posibilidade de participación e dun pensamento máis reflexivo, o grao de responsabilidade e participación do alumnado é maior, producíndose unha mellora na habilidade de discusión e na calidade das despostas.

Os obxectivos perseguidos na ensinanza en grupos reducidos deberían ser:

- Desenvolvemento das habilidades da comunicación.
- Desenvolvemento de competencias intelectuais e profesionais de alta calidade.
- Achegamento personal entre estudantes e profesor.

c) *Técnicas de traballo autónomo.*

Baseado nas aportacións da aprendizaxe por descubrimento, o traballo autónomo sublima a intervención do alumno no proceso de búsqueda e achádego de respostas persoais a problemas de contido de moi variado carácter. Ademais, posibilita a autorregulación da aprendizaxe, desenvolve no alumno a responsabilidade pola súa propia educación e xera motivación intrínseca asociada á satisfacción pola realización da tarefa.

d) *Trabajos individuales.*

O traballo do alumno está encaminado ao desenvolvemento teórico e práctico das asignaturas, sendo a función do profesor a de supervisor e de orientador fronte ás tarefas de innovación nos diferentes campos de actuación profesioal.

Esta forma de ensinanza será empregada para que os alumnos elaboren traballos sobre os contidos teóricos e

prácticos da asignatura, onde o profesor adquire o rol de supervisor e cuxo cometido fundamental é o de servir de guía e orientación ás tarefas innovadoras e creativas dos alumnos ante os retos que se plantexen no aula ao longo do curso académico.

e) *Análise de documentos.*

Esta técnica require da selección previa dos materiais que van seren empregados na clase. O documento pode formar parte da bibliografía recomendada ou estaren preparado para o seu emprego no acto didáctico. A súa análise e tratamento pode seren individual ou grupal. Na súa aplicación, esta técnica pode segui-la seguinte secuencia:

- Información por parte do profesor sobre o documento que se presenta.
- Instrucións sobre el modo de tratar ou analiza-lo documento. En xeral, recoméndase aos alumnos que comencen cunha lectura ou inspección analítica do documento, seguida do subliñado ou expresión dos aspectos relevantes, para pasar despois a unha discusión en pequenos grupos e efectuar, seguidamente, unha píntese das aportacións individuais.
- Posibilidade de subdividi-lo grupo de clase.
- Estudio do documento por parte dos alumnos.
- Posta en común das aportacións grupais.
- Síntese a cargo do profesor.

f) *Tutorías.*

As tutorías permitirán ao alumno, xa sexa de forma individual ou por grupos, aumenta-lo tempo total e real de contacto có profesor, o que redundará en satisfacer, tanto nos niveis de coñecemento da materia por parte do alumno, como dos alumnos por parte do docente ou profesor.

A principal función do profesor a través da tutoría, será a de orientar ao alumno en tódolos aspectos teóricos e prácticos relativos á ensinanza e á aprendizaxe das materias.

Ferrer (1994), plantexa algunhas suxerencias sobre cómo planteas-lo traballo titorial do profesorado universitario:

- Saber analiza-los canais comunicativos no aula, entre os alumnos e institución, axudando a ensamblar estes canais.
- Facilita-la relación entre os estudantes e o profesorado en xeral.
- Aprender a ser aberto e entende-los efectos da súa personalidade sobre os seus alumnos.
- Desenvolver sistemas de recollida da información, codificación, análise e interpretación dos datos dos alumnos, tanto desde opcións individuais como colectivas da tutoría.
- Orienta-lo proceso de aprendizaxe dos alumnos, axudando a identificar problemas e atopar solucións.
- Realizar funcións de orientación de traballos de búsqueda e proxectos de investigación.
- Posibilita-la orientación profesional futura dos estudantes axudándolles a decidir sobre campos profesionais.
- Proveer da información necesaria sobre a institución universitaria e as suas posibilidades, recursos, centros de documentación, laboratorios, instalacións, normas e regras de funcionamento desta.

Buy Now to Create PDF without Trial Watermark!!

- Dar soporte personal e material para o desenvolvemento global dos estudantes universitarios.

- Promover ao máximo a participación do alumno universitario nas actividades académicas e extraacadémicas que se ofrecen nos centros de ensinanza superior.

En resumo, as tutorías supoñen un espazo máis personalizado e horizontal, cuido uso resulta moi frecuente na ensinanza superior. Así, as características da acción tutorial veñen determinadas polas seguintes funcións:

- a) Acción tutorial en función da materia de clase, é dicir, orientar ao alumno/a, axudándolle a resolver a suas dúbidas e dificultades con respecto á asignatura e asesorarlle có fin de acadalo máximo rendemento en función dos obxectivos propostos.
- b) Acción tutorial en función da colaboración a realizaren, é dicir, resolve-las dúbidas metodolóxicas para a realización do traballo e axudarlle a valoralo importancia do mesmo.
- g) *Actividades complementarias.*

Coa intención de complementala formación do alumno, neste bloque de actividades preténdese achegar ao alumno á situación profesional, facilitándolle para elo a asistencia a conferencias de expertos relacionados co mundo da loita, do judo, do rendemento deportivo, así como a colaboración e participación en eventos deportivos que poidan seren realizados no ámbito autonómico ou estatal.

OS ESTILOS DE ENSINO

O termo de *estilo de ensinanza* comenzo a empregarse fai 30 anos para diferenciarlos comportamentos específicos de ensinanza dos termos contemporáneos da época e, normalmente, foi referido ao estilo persoal. O *estilo de ensinanza* é unha forma que adoitan as relacións didácticas entre os elementos persoais do proceso de ensinanza-aprendizaxe, tanto a nivel técnico e comunicativo, como a nivel de organización do grupo de clase e das relacións afectivas en función das decisións que tome o profesor.

Os estilos de ensinanza deberán ser os elementos dinamizadores da interacción existente entre profesor e alumno, a cal reflectirá sempre uns comportamentos de ensinanza e aprendizaxe particulares; estes comportamentos desembocarán na consecución dos *obxectivos*.

Partindo desta premisa, o que sí podemos facer é establecer unha proposta de estilos que consideramos máis axeitada para abordar os contidos da presente asignatura.

a) *Mando directo*

En toda relación ensinanza-aprendizaxe existen dúas persoas que toman decisións, o profesor e o alumno. No noso caso, e sobre todo en certos contidos, o total protagonismo do profesor faise esencial, polo que escollimos este estilo ao establecérense directamente a relación entre o estímulo do profesor e a resposta do alumno.

As actuacións do profesor caracterízanse por tratar de transmitir unha información que o alumno capta de forma máis ou menos pasiva, según sexa o contido con máis ou menos compoñente teórico ou práctico. Nos temas prácticos é a máis empregada, presentándose a información verbalmente mediante leccións maxistráis, e que o alumno capta simplemente vendo, escoitando ou preguntando para as súas aclaracións.

b) *Descubrimento guiado*

A necesidade deste estilo parte da existencia dalgúns fases en determinadas habilidades que poden ensinársese mediante un proceso converxente como é o descubrimento. Tal é o caso dalgúns aspectos da técnica e incluso da estratexia. Aquí, a particular relación entre o profesor e o alumno baséase nunha secuencia de preguntas do primeiro que conleva unha serie de respostas do segundo.

c) Resolución de problemas

A asignatura ofrecen un importantísimo campo de aplicación deste estilo diverxente de ensinanza, no que por primeira vez o alumno tomará as decisións acerca das tarefas específicas do tema elixido sen unicamente repetir, executar ou descubrir o obxectivo final específico. Este estilo permitirá ao alumno involucrarse no proceso de disonancia cognitiva, indagación, produción de solucións que sexan útiles para acadar a habilidades.

d) Ensino recíproco

Este estilo de ensinanza fai posible que manífesten as relacións sociais entre compañeiros e as condicións para ofrecer un feedback inmediato. A ensinanza recíproca baséase na organización da situación por grupos, asignando a cada membro un rol específico. Este estilo caracterízase polo traspaso de responsabilidades ao alumno, algo moi usual na nosa proposta de ensinanza-aprendizaxe.

Resumindo, podemos establecer que a Metodoloxía non é un conxunto de recursos ríxidos que debamos aplicar matemáticamente ás situacións de ensinanza, ao contrario, deberán ser o resultado da interacción de todos os elementos do proceso.

Por elo, para definir as estratexias de ensinanza, tivemos en conta a *cantidade* e o *carácter* teórico e práctico das asignaturas. Os primeiros pretenden dotar ao alumno dunha formación intelectual respecto á materia (adquisición de estruturas, de ideas, de feitos ou de contidos fundamentais). Neste caso trátase de proporcionar as bases necesarias que permitan aos alumnos coñecer, analizar, interpretar e interrelacionar diversos conceptos, algún muy lonxanos do que é a troncalidade dos seus estudos, como son os económico, xuídicos, do mundo da empresa, da xestión deportiva con outras asignaturas do plan de estudos.

A perspectiva na que nos situamos anteriormente permitiu a adopción de diferentes métodos e estilos que non só pasarán a estar determinados pola división teoría/práctica, senon tamén polas metas e obxectivos que pretendemos. Neste senso, asumimos unha autocrítica constante a cal nos levóu a plantexar que, inicialmente, o dominio da técnica didáctica non era un obxectivo esencial, pero que hoxe en día asumimos preferencialmente.

DETERMINACIÓN DA METODOLOXÍA:

Debemos entender por proceso metodolóxico o seguimento formal da asignatura e a súa adecuación a os obxectivos propostos. Durante este proceso deben cumprirse unha serie de valores específicos que garantan o éxito de todo proceso de ensinanza-aprendizaxe:

